



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Logo de ver a resolución de alcaldía de data 15 de decembro de 2020 pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións a asociacións culturais, deportivas, veciñais e educativas e para actividades de reinserción social do Concello de Rois para o ano 2020.

Logo de ver as bases reguladoras de subvencións a asociacións culturais, deportivas, veciñais e educativas e para actividades de reinserción social do Concello de Rois para o ano 2020.

Logo de ver que en data 22 de decembro de 2020 se publicou no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 219 e no taboleiro de anuncios, concedéndose un prazo de 15 días naturais para presentar as solicitudes, de conformidade co establecido na base sexta das bases reguladoras das subvencións, finalizando o prazo de presentación destas o día 7 de xaneiro de 2021.

Logo de ver que en data 22 de decembro de 2020 se publicou na Base de Datos Nacional de Subvenciones a convocatoria desta subvencións co número 539724.

Logo de ver que a Comisión de valoración das subvencións acordou a proposta de adxudicación con data 16 de abril de 2021, e para os efectos de proceder á valoración das solicitudes presentadas

Considerando o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, artigos 23 a 27 sobre subvencións en réxime de concorrencia competitiva e nas bases aprobadas por resolución de alcaldía

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a proposta definitiva de adxudicación de subvencións destinadas a asociacións culturais, deportivas, veciñais e educativas e para actividades de reinserción social, coas cantidades económicas que se relacionan de seguido:

ASOCIACIÓN	SUBVENCIÓN PREVISTA
CEIP URDILDE	1.403,43 €
ANPA DA FONTE ESCOLA INFANTIL	445,52 €
ANPA URCAEL	2.800,00 €
CLUB DE PESCA DEPORTIVA LONDRA	1.500,00 €
SOCIEDADE DEPORTIVA DE CAZADORES DE ROIS	1.000,00 €
GALICIA MOTORSPORT	750,00 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O TRAVADOIRO	750,00 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE RIBASAR	276,98 €
ASOCIACIÓN SAN XOÁN DE BUXÁN	250,96 €



CONCELLO DE ROIS

Samil1, Oín. 15911 Rois (A Coruña)

T 981804109 F 981804182

correo@rois.gal

www.rois.gal

ASOCIACIÓN	SUBVENCIÓN PREVISTA
ASOCIACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS ESTORIBOR	750,00 €
AMIPA	2.000,00 €

Segundo.- Autorizar o gasto, recoñecendo a obriga de cada unha das subvencións concedidas.

Terceiro.-Publicar a presente resolución no Taboleiro electrónico e na web municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de intervención e tesourería para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Rois, na data da sinatura electrónica

O alcalde

Ramón Tojo Lens

O secretario

Diego Losada Romero